

No Outono, TEATRO


PAZO EMILIA PARDO BAZÁN

Entrada de balde ata completar aforo

SÁBADO | 24 DE SETEMBRO | 21,00 h

AS ALUMNAS

Culturactiva s. Coop. Galega | Público adulto
Un espectáculo sobre xustiza social, memoria histórica, igualdade e resiliencia. Un fermoso artefacto escénico creado por Paula Carballeira e dirixido por Fina Calleja. Mónica Camaño e Anabell Gago atopanse no pasamento da súa mestra, María Barbeito, e condúcennos por unha senda emocional que arrinca desde que se coñecen na escola antes da Guerra Civil ata os anos 70.



VENRES | 30 DE SETEMBRO | 21,00 h

FANTASMAS FAMILIARES, QUICO CADAVAL

PT Excentricas | Público adulto

Un espectáculo de narración oral que se leva transformando nos últimos quince anos acomodándose ás circunstancias ambientais, inclemencias do clima, ás experiencias persoais do artista e aos terrores máis íntimos do público. O espectáculo criase a partir de estórias da tradición oral que se deformaron pouco a pouco, na xira mundial inacabada na que Quico Cadaval traslada aos públicos dos catro continentes as estórias da súa terra natal para comprobar se son universais.



SÁBADO | 1 DE OUTUBRO | 18,00 h

O SAL DO MAR E OUTROS CONTOS MARIÑEIRO

Teatro do Andamio | Público infantil

A lago gústalle o mar e a aventura... A Mariña tamén. Milleiros de veces lago xogaba co seu avó a ser mariñeiro: dar unha volta ao temón, tocar a campá, subir na ponte de mando do capitán... E a Mariña tamén. Eles aínda non se coñecen, pero hoxe vanse coñecer.

lago terá que pasar todas as probas da capitá Mariña: fregar a cuberta, facer a verdadeira tortilla mariñeira... e despois os dous compartirán os seus tesouros máis valiosos... os que lles deixaron os seus avós. Quérelas descubrir con nos?

"O sal do mar" é un espectáculo dirixido aos máis pequenos que pretende espertar a curiosidade por aquilo que sucede o seu carón, respondendo a preguntas para as que non teñen resposta: por que a auga do mar é salgada? que significa a palabra "encallar"? como suceden as mareas?

Un bulebole de creatividade que xoga coa súa imaxinación mediante historias que viven nos recordos dos avós dos protagonistas.



DOMINGO | 9 DE OUTUBRO | 18,00 h

O MEDALLÓN DO EMPERADOR

Teatro O Laranxo | Todos os públicos

Catulo e Caleno son dous ladróns que tentan roubarlle o medallón ó César, Emperador de Roma. Manolitus e Carmiñae son dous namorados, o primeiro é fillo da comercianta mais rica do Imperio e a segunda é filla do César, ámanse en segredo porque os seus pais opóñense ao seu amor. Os ladróns son apresados e levados ao Pazo Imperial e alí... liarase a cousa. Conseguirán roubarlle o medallón ao emperador?



SÁBADO | 15 DE OUTUBRO | 18,00 h

A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUE LLE FIXERA AQUÍ NA CABEZA

A Xanela do Maxín | Público infantil, a partir de 2 anos

A toupiña saía do seu tobo e algo lle caeu na cabeza, a modo de pucho cheirento. Daquela, percorrerá todo o campo investigando -moi indignada- cal dos animais que alí viven lle fixera semellante agravio: a pomba, o cabalo, a lebre...

Unha obra simpática e escatolóxica que provoca gargalladas e fai que os espectadores empaten coa toupiña, ferida no seu orgullo. Nenas e maiores terán, con esta historia, a visión dun tema tan natural como a vida mesma e que, sen embargo, non sempre aparece en escena.



SÁBADO | 29 DE OUTUBRO | 21,00 h

LOLÓ E MAMÁ

De Xeito Producións | Público adulto

Margot, nai de Loló, queda no paro e decide instalarse na casa da súa filla, a un océano de distancia. Pero o que parecía unha idea xenial que axudaría a xuntar a unha familia desestructurada desde sempre, axiña muda en desastre.

Como acolle a filla a volta da súa nai? Quen é a nai e quen a filla cando é esta última a que ofrece casa e sustento? Canto tempo pode pasar até que esta bamba de relaxería estoupe definitivamente?

Loló e Mámá fainos ver, grazas a un humor fino e acedo, que as cousas case nunca son máis difíciles do que nos gustaría e sobre todo, que o amor é unha arma de dobre fío: canto máis se ama, máis se sofre.

Organiza: Deputación de Pontevedra, Programa Tornar ás táboas

SÁBADO | 22 DE OUTUBRO | 21,00 h

Os noivos para Carlota

Grupo de teatro afeccionado Sua Vila (Club de Xubilados de Sanxenxo) | Todos os públicos

Esta obra trasládanos ao século pasado onde, nun ton humorístico, se amosa o interese das familias en preservar a distinción de clase social a través do matrimonio.

OS NOIVOS PARA CARLOTA



M^a del Carmen Teresa de la Fuente Alonso

CONCELLO DE
SANXENXO

SANXENXOFALA

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

galicia